

ANTERO DE QUENTAL  
E TEÓFILO BRAGA  
E A SÚA RELACIÓN COAS  
LETRAS GALEGAS







Coeditan:  
Parlamento de Galicia  
Xunta de Galicia  
Real Academia Galega

Teófilo Edicións  
Tirada de 250 exemplares  
ISBN: 978-84-7836-112-0  
Depósito Legal: C 1153-2016

ANTERO DE QUENTAL  
E TEÓFILO BRAGA  
E A SÚA RELACIÓN COAS  
LETRAS GALEGAS





## **ANTERO DE QUENTAL e TEÓFILO BRAGA**

e a súa relación coas Letras Galegas

Parlamento de Galicia / Xunta de Galicia / Real Academia Galega 2016

Por que esta publicación?

O Parlamento de Galicia foi convidado a un acto de irmandade pola Assemblea Legislativa da Região Autónoma dos Açores, acto no que a Cámara galega amosou, na Cámara das Illas, a Exposición de medallas, da que é propietaria, “54 Páxinas das Nosas Letras (1963-2016)”. Tal Mostra foi presentada, o ano pasado, en cidades e vilas de Galicia e, tamén, en Madrid, Barcelona, Bruxelas, Buenos Aires e Montevideo. A petición do Parlamento Galego, a Real Academia Galega colaborou na configuración literaria da Mostra, além de colaborar intelectualmente no Catálogo.

A colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e a Academia, nesta ocasión, vai máis alá. Conscientes de que un encontro destas características é un acontecemento non só inédito senón moi importante, as tres institucións galegas acordaron a edición de dúas publicacións centradas na relación intelectual, xa no século XIX, entre as Letras Galegas e dúas grandes personalidades intelectuais de Portugal, nadas, precisamente, en Ponta Delgada, capital do Arquipélago dos Açores: Antero de Quental e Teófilo Braga. Unha das publicacións é o presente volume, que acolle senllos estudos de don Xesús Alonso Montero, Presidente

da Real Academia Galega, e a profesora Beatriz García Turnes. A outra publicación é a edición facsimilar da “edição polyglota” que se imprimiu en Lisboa no ano 1894 do maxistral poema de Antero “Zara”, “edição” na que figura, á beira doutras corenta e sete traducións, a galega de Manuel Curros Enríquez. Contén a nova edición un estudo preliminar de don Xesús Alonso Montero.

O Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega ofrecen á Assembleia Lexislativa e ó pobo dos Acores estes dous agasallos bibliográficos como mostra de gratitudde ós nosos ilustres e xenerosos anfitrións.

Santiago de Galicia, xullo, 2016

**Miguel Ángel Santalices Vieira**

Presidente do Parlamento de Galicia

**Alberto Núñez Feijóo**

Presidente da Xunta de Galicia

**Xesús Alonso Montero**

Presidente da Real Academia Galega

# ANTERO DE QUENTAL E A SÚA RELACIÓN COAS LETRAS GALEGAS

XESÚS ALONSO MONTERO  
(PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA)





*Dedico este ensaio erudito ó profesor Xosé Manuel Dasilva, o noso magister no estudo das relacións entre os escritores galegos e os portugueses.*



## NOTA PRELIMINAR

Antero, o grande Antero de Quental, ten suscitado, dentro e fóra de Portugal, algunas frases lapidarias, unha delas, excelsa, de Eça de Queirós: “Um génio que era um santo”. Do poeta, a dimensión máis coñecida e celebrada do noso escritor, dixo Fidelino de Figueirido (referíndose ós *Sonetos*) que era “a zona máis alta daquela grande dor feita homem”. Do pensador António Sergio son estas palabras de 1933:

Una grave enfermedad orgánica le obligó pronto a abandonar toda actividad así como el papel de dirección espiritual y de inspiración social a que la predestinaban su genio, la grandeza y la nobleza de su carácter y el prestigio intelectual y moral que ejercía entre los hombres selectos de su tiempo. Con sus *Odes modernas* (1865) creó la poesía revolucionaria en Portugal...; con los Sonetos, la poesía filosófica. Quizás nadie llegó en tan alto grado como él a exponer ideas tan abstractas bajo una forma tan verdaderamente poética, tan llena de belleza y emoción.

De Göran Björkman, escritor e tradutor sueco, é este xuízo: “...O mais grandioso Poeta-philósopho deste fim de século”.

Na Galicia do XIX, a poesía de Antero, nomeadamente os sones, atopou no poeta Manuel Curros Enríquez, outro grande, un espírito que o admirou grandemente. Foi Curros Enríquez, antes

de 1890, un dos escritores que máis fixo, en España, polo coñecemento da poesía do grande escritor portugués. Por iso o seu nome vai estar moi presente en non poucas páxinas deste artigo.

## I

Curros Enríquez (1851-1908), propagandista das Letras portuguesas, tradutor de poetas portugueses e panexirista de Antero de Quental (1842-1891) e tradutor de importantes sonetos seus.

### 1. Da admiración de Antero por Curros. Era mutua?

Hai bastantes anos tiven a sorte de consultar, na Biblioteca Nacional (Madrid), o volume catalogado coa signatura 7/2457. Trátase dun exemplar (dedicado a Curros Enríquez!) das Odes modernas (Porto-Braga, Livraria Internacional, 1875). A dedicatoria, autógrafa, de Antero reza: “Ao nobre e cándido poeta de Aires da miña terra, em signal de fraternal estima. O autor. Vila do Conde, 12 de marzo de 1885”<sup>1</sup>.

Daquela, xa existían dúas edicións de Aires (1880, 1881), e non sabemos cal foi a lida polo poeta portugués. É irrelevante. Nunha e noutra (áinda máis na segunda) predomina a poesía cívica, a

---

1. Exhumei o texto desta dedicatoria en 1989 nunha nota da miña edición da *Obra galega de Curros* (A Coruña, Xuntanza Editorial, p. 513).

poesía de denuncia (contra o Clero, sobre todo) e a poesía solidaria co asoballado proletariado rural galego. Quizais o de “cándido” haxa que entendelo, non como ‘inxenuo’ senón como ‘puro’, se con “cándido” se refire á pureza moral da musa que inspirou a nobreza ética dos versos de Curros.

Curros Enríquez admirou, e moito, a Antero de Quental, ó poeta Antero de Quental. En canto ó home Antero, Curros, de ética moi rigorosa e non sempre moi matizada, a súa consideración non está exenta de crítica. Nunha carta a Antonio Feijó, do 10 de abril de 1885 (un mes despois da data da dedicatoria), escribe o poeta galego:

Anthero me envió un ejemplar de Odes modernas con una cariñosa dedicatoria. Es un poeta enorme, pero me guardará bien de decírselo. Se indignaría. Por otra parte, el autógrafo que de él V. me remite, y que le devuelvo, me da todas las seguridades de su desprecio, sea cual fuere la sinceridad de mi elogio. Aquel “son pouco de fraternizações literarias, mórmente con extraneiros” –frase feroz, verdaderamente braamánica, que me aleja de su confianza mientras no adquiera la naturalización portuguesa, en virtud de una reencarnación me da la medida de su carácter. Puedo ser su admirador, pero no su amigo. Dos cartas le escribí y desearía que no me contestase a ninguna. No quiero relaciones directas con ese Cristo Jan-

senista, terrible, desesperado. Yo soy un hombre, sí, pero soy un hombre pequeño, a quien los grandes hombres dan miedo. Anthero no me amedrenta sólo sino que me insulta<sup>2</sup>.

Despréndese doutra carta a A. Feijó que Antero xa lle enviara un exemplar das *Odes modernas* con anterioridade a marzo de 1885. Paga a pena reproducir o fragmento pertinente:

Antero de Quental, sin duda porque es éste el poeta de quien menos he leído, siendo para mí una verdadera celebridad de referencia. No llegan a media docena las poesías que de él he leído. En cambio, recuerdo haber visto muchos juicios críticos de sus libros, por los cuales vive en conocimiento de su alta significación en el coro apolíneo del Portugal moderno. Es un hombre profundamente simpático, en cuya cabeza armoniosísima, de una dulzura casi nazarénica, hay la serenidad gloriosa de la estatua<sup>3</sup>. Lamento mucho no haber recibido sus *Odes modernas*, que, según V. me indica, me ha enviado a Orense. Dígnese V. participárselo así porque no me crea desatento<sup>4</sup>.

---

2. “Sete cartas de C.E. a Antonio Feijó e dúas máis”, *Actas do I Congreso Internacional “Curros Enríquez e o seu tempo”*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (ed. de X. Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Begoña Tajes), I, pp. 745-746.

3. C. acaba de recibir, de Feijó, o retrato de varios escritores (Antero, Eça, Oliveira Martins...).

4. Op. cit., pp. 732-33.

Está ben claro que nesta altura (28 de outubro de 1884) comeza a admirar a poesía de Antero e que, sobre o home, que coñece polo retrato, lonxe de ter reservas, sente unha fonda simpatía.

## 2. Curros Enríquez, lusitanista e tradutor de Antero de Quental ó castelán.

Curros, o grande poeta Curros Enríquez, foi, tamén, un gran xornalista. Hai probas elocuentes e numerosas na prensa de Madrid antes de febreiro de 1894, data na que emigra a Cuba. Alí, na Habana, exercerá o periodismo, nomeadamente no xornal *La Marina*, ata a súa morte, acaecida o 8 de marzo de 1908.

Pouco despois de 1880, Curros Enríquez convértese nun propagandista da literatura portuguesa. Ái están os seus antigos (e traducións de poetas) en xornais madrileños tan importantes como *El Porvenir*, *El País* e *Las Dominicales del Libre Pensamiento*.

En *El País* publicou, o 2 de febreiro de 1890, unha semblanza de Antero co gallo de que o escritor portugués fora nomeado presidente da Liga Patriótica do Norte “entre los aplausos más entusiastas”. Así, con estas palabras, llo comunica ó xornal madrileño Luis de Magalhães. Con esa noticia encabeza o seu artigo Curros, artigo do que convén ofrecer estas catro secuencias:

Y, sin embargo, A. de Q. ha escrito mucho y ha pensado más.  
Difícilmente existirá problema social, moral y metafísico a que

no haya consagrado largas horas de meditación y estudio [...]. Patriota convencido, comprendió desde muy joven que las instituciones viejas eran incompatibles con la felicidad de su país y a combatirlas se dedicó resueltamente en el club, en el periódico y en el libro [...].

A esa época pertenece su libro titulado *Odes modernas*, que rompió con las tradiciones del arte viejo y reivindicó para los dominios de la poesía cuanto hay digno de interesar el espíritu humano en la esfera religiosa, científica, social y política [...].

Ultimamente A. de Q. ha publicado un tomo de Sonetos cuya edición fue agotada en poco tiempo. Del mérito que encierra puede juzgarse con decir que no hay lengua en Europa a que no haya sido traducido.

Este artigo, e outros once más, foron exhumados pola lusitanista galega Pilar Vázquez Cuesta no ano 1974<sup>5</sup>. Son estes, aparecidos todos no xornal madrileño entre xaneiro de 1890 a marzo de 1891: Magalhães Lima, Guerra Junqueiro, Eça de Queirós, Teófilo Braga, Javier Carballo, Camilo Castelo Branco, Oliveira Martins, António Feijó, Ramalho Ortigão, Luis de Magalhães, Manuel d'Uarte D'Almeida e Alves da Veiga.

Estas doce semblanzas proban, ben claramente, o interese que suscitaba nel a literatura portuguesa e o coñecemento, non pequeno, que tiña dela. Nesta altura, o periodista Curros Enríquez,

---

5. Como Apéndice ó seu estudo “Curros, os escritores portugueses e o Ultimatum”, *Grial*, Vigo, 46, 1974, pp. 409-425.

desde a súa atalaia de Madrid, dedica non poucos esforzos a difundir as Letras lusas en España. O 28 de abril de 1883 publicou “Lira lusitana” no número 457 de *El Porvenir* (Madrid), texto en prosa no que prologa a tradución castelá de poemas de Guerra Junqueiro e Teófilo Braga, algúns moi extensos. Paga a pena reproducir o primeiro parágrafo deste limiar:

La literatura portuguesa alcanza tan extraordinario y floreciente desarrollo en nuestros días que su preterición a otras, con más o menos fortuna divulgadas, no se explicaría, ciertamente en nuestro país sin inferir a la nación hermana una gravísima ofensa.

Más adiante precisa que “La poesía lírica portuguesa cuenta en la actualidad con dos cultivadores eminentes: Teófilo Braga y Guerra Junqueiro”. Finaliza o tradutor con palabras dignas de térense moi en conta sobre o oficio de traducir. Consciente de que a súa é unha “traducción libre”, aclara:

[...] traducir bien y en verso es difícil. Ningún vaciado responde tan perfectamente al molde que no deje algo que hacer a la lima.[...]

Una traducción es un cambio de moneda. Al traducir a una lengua, como al penetrar en una nación, no debe exigírsenos la del país de donde procedemos, sino una equivalente. En este cambio sólo hay de sensible que tengamos que ofrecer en cobre lo que nos dan en oro.

Na “Lira lusitana” de 1883, Curros só nos ofrece dúas voces da poesía portuguesa contemporánea, unha especialmente grata para el: a de Guerra Junqueiro cuxa musa anticlerical tanto admiraba, nomeadamente *A velhice do Padre Eterno* (1885). Está por facer un estudo que teña en conta todas as traducións que Curros fixo de poemas de Guerra Junqueiro, algúns deles omitidos nas chamadas Obras completas en seis volumes recompilados polo fillo do poeta Adelardo Curros (Madrid, 1908-1912). O fillo é ben sabido non concordaba co pai en asuntos atinxentes á Santa Madre Igrexa. Foi Gregorio San Juan quen nos alertou, en 2001, que Adelardo Curros ignorou, na súa edición, estes tres poemas: “El agua de Lourdes”, “El dinero de San Pedro” e “Letanía moderna”. Explícao nestes termos:

Al llegar a este punto, para explicar la pretensión de esos poemas entre los de la Lira lusitana, tengo que suponer que la causa no es otra que la censura ejercida por su hijo Adelardo Curros Vázquez, quien, dadas las diferencias ideológicas que mantuvo con su padre, ejercería la censura sobre esas piezas, que son las de mayor virulencia anticlerical<sup>6</sup>.

---

6. “Curros, lector, tradutor e imitador de Guerra Junqueiro”, op. cit., na n. 2, II, p. 218. Esas pezas tampouco aparecen nas *Obras escogidas* (Madrid, Aguilar, 1956), recompiladas polo propio fillo. Recuperounas Carlos Casares na súa edición das *Obras Completas* (Madrid, Aguilar, 1979), que eu tiven en conta, algúns anos despois, na miña edición da *Obra castellana* (Xuntanza Editorial, 1989).

O lusitanista Curros Enríquez non só traduciu textos de poetas; polo menos, nunha ocasión, traduciu (adaptánto) unha obra de teatro, *A Morgadinho de Valflor: drama en cinco actos* (Porto, 1869). Trátase dunha obra moi pouco afín ó ideario de Curros Enríquez sobre a que nos ilustra o magnífico traballo de Xosé M. Dasilva publicado nas Actas de 2004.

Cando fixo Curros a tradución castelá de poemas de Antero de Quental? É a pregunta que se fai Pilar Vázquez Cuesta nun estudo de 1968<sup>7</sup>, quen, como Apéndice, ofrécenos a edición bilingüe (portugués-castelán) dos seis sonetos que Antero titulou “Elólogo da morte”. Apareceron na segunda edición, a de 1890, de Os sonetos completos (Porto, Livraria Portuense de Lopes e C<sup>a</sup>), compilados, como na primeira (1886), por Oliveira Martins. Esta edición aclárasenos foi “aumentada com um apéndice contendo traduções em alemão, italiano e español”. A profesora Vázquez Cuesta reproduce unha “Adverténcia dos Editores”, escrita –cónstalle polo propio Antero:

Em espanhol publicamos seis sonetos traduzidos pelo snr. Manuel Curros Henriquez cujo nome dispensa qualquer comentario, conhecido e estimado pelo seu admirável volume de versos em dialecto galego Aires da miña terra que o tornou quasi um dos nossos<sup>8</sup>.

---

7. Sobre la “Lira lusitana” de C. E. “Poesías perdidas y nuevamente halladas”, Grial, 20, 1968, pp. 149-161.

8. Op. cit., p. 152.

A profesora Vázquez Cuesta dá a entender neste antigo sobre poesías de Curros “perdidas e novamente achadas” que os seis sonetos do “Elogio de la muerte” proceden da edición portuense de 1890. Agora ben, sábese que algúns editores españois posteriores a 1890 acollerón ese importantísimo hexaedro poético, o que provocou, no ano 2001, esta observación de Gregorio San Juan:

No es este el caso de los seis sonetos de A. de Q..., omitidos en las ediciones de sus obras [as de Curros], ya que, contra lo que dice Pilar Vázquez Cuesta, no fueron rescatados por ella, ya que eran conocidos, pues habían sido publicados en el tomo que a Antero dedicara la Editorial Cervantes, de Barcelona, dentro de la colección “Las mejores poesías (líricas) de los mejores poetas” (sin fecha, pero hacia 1920), y también en *Las mil mejores poesías de la literatura universal*, recopiladas por Fernando González y publicadas en Valladolid por Ediciones Ibéricas (sin fecha, pero hacia 1955)<sup>9</sup>.

En canto ó “Elogio de la muerte”, ¿preexistía a 1890 ou, como supón Xosé Manuel Dasilva, “respondeu a unha probable iniciativa de Antero”<sup>10</sup>, quen, logo, inseriu os seis sonetos na edición portuense dese ano? Fose como for, en marzo de 1889, Antero, en carta a Luis de Magalhães, áinda se expresa deste xeito:

---

9. Op. cit. en n. 6, p. 218.

10. Reseña a *A. de Q. Subsidios para a sua biografía* (2006), de José Bruno Carreiro, *Grial*, 175, 2007, p. 136.

Sei que o Curros tem publicado traduções de poesias portuguesas. Haverá entre elas a de algum soneto dos meus? Ser-me-ia muito grato incluir no meu volume alguma tradução do Curros, se por ventura existisse. Poderá V. saber-me disto? Não sei a direcção do Curros, nem, que soubesse, lhe escreveria sobre isto, pois poderia parecer um convite a fazer alguma tradução<sup>11</sup>.

A fins de 1889, Antero escríbelle ó seu amigo Joaquim de Araújo: “...o Elogio da Morte, traduzido pelo Curros Enríquez da maneira a más magistral” (27-11-1889)<sup>12</sup>.

Non hai hipérbole na valoración do autor dos sonetos. Debrucémonos sobre o IV do celebérrimo hexaedro poético.

Longo tempo ignorei (mas que cegueira  
Me trazia este espírito enublado!)  
Quem fosses tu que andavas a meu lado,  
Noite e dia, impassivel companheira...

Muitas vezes, é certo, na canseira  
No tédio extremo dum viver magoado  
Para ti levantei o olhar turbado,  
Invocando-te, amiga verdadeira...

---

11. *Cartas II* (1881-1891) (ed. de Ana Maria Almeida Martins), Universidade dos Açores, 1989, p. 930.

12. Op. cit., p. 968.

Mas não te amava então nem conhecia:  
Meu pensamento inerte nada lia  
Sobre essa muda fronte, austera e calma.

Luz íntima, afinal, alumiou-me...  
Filha do mesmo pai, já sei teu nome,  
Morte, irmã coeterna da minha alma!

Largo tiempo ignoré (mas que ceguera  
Así tuvo mi espíritu nublado!)  
Quien fueses tú que estabas a mi lado,  
Dia y noche, impasible compañera.

Mil veces, de la vida en la carrera,  
Del tedio lleno y de sufrir cansado,  
Alcé hasta ti mis ojos conturbado  
y te invoqué, esperanza postrimera.

Entonces no te amaba todavia;  
Sobre tu frente muda no sabía  
Deletear mi espíritu sin calma.

Hoy que una luz extraña llega al hombre  
Ya te conozco al fin, ya sé tu nombre,  
Muerte hermana coeterna de mi alma!

## II

Curros Enríquez traduce ó galego o poema máis coñecido de Antero: “Zara” (1894).

### 1. Unha incursión no universo de Luis de Camões

Dous son os poemas portugueses que o poeta galego traduciu á lingua galega, os dous feitos de encarga. Non podía ser doutro xeito na Galicia de fins do XIX en que ninguén demandaba versións galegas de textos portugueses. Aínda moito despois, existente xa unha literatura en galego de certa riqueza en xéneros e temas, os galegos interesados pola poesía portuguesa –obviamente, os galegos cultos e letraferidos optaron sempre –ou case sempre por leran a lingua orixinal, tratásese de Camões, de Antero ou de Pessoa.

Certo día, Xavier da Cunha, un camoniano que gustaba dun xeito especial dun poema do Poeta, dirixiuse, directa ou indirectamente, a moi distintos tradutores dos que solicitou a correspondente tradución. O resultado foi a edición políglota que titulou *Pretidão de amor (Endechas de Camões a Bárbara Escrava seguidas da respectiva tradução em varias linguas e antecedidas de um preâmbulo)* (Lisboa, Imprensa Nacional, 1893). Contén cento vinte versións nun número algo inferior de idiomas pois hai linguas con más dunha tradución: dúas en castelán, dúas en catalán, dúas en éuscaro,

dúas en galego... Temos noticia deste curioso e valioso volume de 1893 polo meticuloso lusitanista Xosé Manuel Dasilva, autor dun traballo exhaustivo no ano 2001<sup>13</sup>.

Son corenta os versos do poema nas edicións “serias”, distribuídas en cinco oitavas de hexasílabos, das que ofrecemos a primeira e a última.

1	Aquela cativa que me tem cativo porque nela vivo já não quer que viva.	Aquela cautiva que me ten cautivo, porque n'ela vivo, xa non quer que viva.
5	Eu nunca vi rosa em suaves molhos, que pera meus olhos	Eu nunca vi rosa enramalletada que, por min mirada
8	fosse mais fermosa.	fose más fermosa.
	[...]	
33	Presença serena que a tormenta amansa; nela, enfim, descansa toda a minha pena.	Presenza serena, que a tormenta amansa; n'ela ó fin descansa toda a miña pena.
37	Esta é a cativa que me tem cativo E, pois nela vivo,	Esta é a cautiva que me ten cautivo, e pois n'ela vivo
40	é força que viva	é forza que viva.

---

13. “C. E., traductor de Camões: as endechas A Bárbara escrava en galego”, *Grial*, 151, 2001, pp. 405-419.

En xeral, moi poucos problemas lle presentou este texto –este tipo de texto ó noso tradutor, case sempre resolto co léxico e coa gramática do portugués. Hai unha licenza no verso 6 –“enrama-lletada” para fuxir da versión literal “en suaves mollos”. En canto á forma “vi” do verso 5, ten que ser “vin”, estraña ó impresor portugués.

Poema importante, malia á súa fasquía tradicional, que suscitou no comentarista citado estas observacións:

Débese advertir, polo demais, que “A Bárbara escrava” encontrou en boa medida a razón da súa extraordinaria acollida non só no enxeñoso xogo de conceptos e na sinxela gracia da expresión, senón tamén na excitación biografista que a identidade enigmática desa muller de nome Bárbara ten provocado en moitos estudiosos camonianos, a miúdo atentos por demais ás lendarias vicisitudes amorosas do escritor.

Como se di no poema, unha escrava moi fermosa e alomenos morena escravizou o suxeito lírico. As faccións tan belidas da muller non admiten comparación na natureza, e a cara, os ollos e os negros cabelos fan que ata a mesma neve envexe a súa cor. O seu rostro bondadoso está en contradicción paradoxal co propio nome, Bárbara, e posto que a cativa o cativou e xa vive ineludiblemente nela, para o amante é esa muller a razón de vivir<sup>14</sup>.

---

14. Op. cit. P. 406.

Na colectánea políglota organizada por Xavier da Cunha figura outra tradución galega: a de Alberto García Ferreiro publicada tres anos antes, en 1890. O profesor Dasilva fai un estudo acertado da tradución deste poeta ourensán que parte, na súa versión, de determinados prexuízos ideolóxicos. No fondo –resumindo ó profesor Dasilva ó tradutor moléstalle o que hai, no poema, de negritude, de “pretidão”.

Un poema de Antero de Quental é a outra tradución galega dun texto portugués feita por Curros Enríquez. A ese poema, *Zara*, vamos dedicarlle ampla atención e unhas pingadas de erudición. Non merece menos.

## 2. Sobre Zara Margarida e a súa morte.

Sabido é que era irmá de Joaquim de Araujo, poeta novo, amigo, moi amigo, de Antero. Aínda non cumplira dezaseis anos cando morreu. Nacera no Porto o 4 de maio de 1864 e faleceu na mesma cidade o 23 de outubro de 1879. Ó día seguinte do falecemento, o pai da finada escribe a Antero de Quental unha carta que, por forza, ten que sorprendernos. Esta:

Meu exmo. amigo: Faleceu me ontem á noite uma filha, irmã do seu amigo e meu filho Joaquim de Araújo, residente na rúa da Atalaia, nº 133, 1º andar.- Não me atrevo a dar ao dito meu filho conhecimento deste facto e por isso recorro á amizade de V. Ex<sup>a</sup>. a fim de lhe dar esse conhecimento do melhor

modo que entender. –Desculpe-me e creia-me sempre de V.  
Ex. obrigadíssimo criado. António Joaquim Araújo<sup>15</sup>

Moi poucos días despois, Antero reaccionou dun xeito que non deixa de desconcertarnos: escríbelle ó atribulado irmán de Zara nestes termos:

Acabo de receber esta carta de Seu Pai, com uma noticia que lhe vai causar grande desgosto. O meu primeiro impulso foi i-lo procurar; mas reflecti que não o encontráva em casa. Resolvo-me pois a enviar a carta de seu Pai, sem poder juntarle comentario algum consolador, pois sei por experien-cia que nos primeiros momentos não há consolações que valham contra dores desta natureza. Digo lhe só que seja homem; e se a solidão lhe pesar muito, venha por cá, pois encontrará um amigo.

Reciba um abraço do seu coração.

Anthero de Q<sup>16</sup>.

Está ben claro que os lazos de amizade entre os dous poeta eran grandes, moi fortes, e que o pai de Zara sabíao; de aí o seu proce-der, que non deixa de estrañarmos (tamén o de Antero).

### 3. Antero escribe un epitafio para o túmulo da infortunada Zara.

---

15. *Cartas I*, p. 474.

16. Op. cit., p. 474 (en nota).

Joaquim de Araújo, desconsolado, non tarda en solicitar do gran poeta portugués uns versos para inscribirense na campa da irmá. Antero non se demora e o 16 de xaneiro de 1880 escríbelle unha breve carta que contiña o poema solicitado.

Lisboa, 16 de janeiro

Meu jovem amigo:

Ahí vai o melhor que soube fazer, e de todo o coração.

Feliz de quem passou, por entre a magoa  
e as paixões da existencia tumultuosa,  
inconsciente como passa a rosa  
e leve como a sombra sobre a agua.

Era-te a vida un sonho: indefinido  
e tenue, mas suave e transparente.  
Acordaste... sorriste... e vagamente  
continuaste o sonho interrompido.

Adeus, un aperto de mão a seu Pai  
Do saudoso  
Anthero de Q.

No mesmo ano fixose a primeira edición impresa do poema nunha folha voante. Esta é a ficha na Bibliografía da “ediçao polyglota”: *Zara*, Imprensa Portuguesa, Porto, 1880. Tiragem restrita, apenas para a familia do Dr. António Joaquim de Araujo”.

4. Joaquim de Araújo escribe un soneto elexíaco sobre Zara, a súa irmá.

Publicouno no seu libro de poemas *Ocidentaes* (Porto, 1888), pero non sei se foi escrito antes. Debe ser reproducido

### MINHA IRMÁN

(G.)

Ao Sr. Ferdinand Denis

Palida, como noiva adormecida,  
As mãos em cruz, um lirio branco ao peito,  
Nos labios a expressão mais dolorida,  
Sobre um surriso de candura feito;

Nessa timida aureola cingida,  
Entraste immovel no caixão estreito  
E eu sinto, a espaços, vacillar-me a vida,  
Choro tremendo no teu pobre leito.

Rosa de luz, não mais no teu regaço,  
Repousarei meu trémulo cançasso,  
Sob o manso calor dos olhos teus...

Serenamente, vaes entrar na cova,  
E assim tão boa, tão letal, tão nova,  
Porque nos foges? Minha irman, adeus!

Fermoso soneto, expresivo, sen dúbida, do fondo afecto, do inmenso agarimo que lle profesaba a aquela mocinha que *foi durmir* fóra cando tiña quince anos e medio. Todo fai pensar que foi escrito horas ou días despois da desgraza.

## 5. Edicións piratas anteriores a 1894?

Pouco despois da morte (do suicidio) de Antero, acaecido o 11 de setembro de 1891, Joaquim de Araújo, o grande e agradecido amigo, publica un breve volume poético de Antero co título *Cadenças vagas. Versos colligidos por...*, Lisboa, Tipographia da Academia Real das Sciencias, 1892. No limiar (“Palavras indispensaveis”) é onde afirma:

...de quantos amávamos esse ultimo cavalleiro do San-Gratal, o mais grandioso Poeta-philósopho deste fim de século, como lhe chama Göran Björkman (p. VI).

Entre os poemas “colligidos” figura “Zara” (coa tradución alemá de Wilhelm Storck), textos precedidos dunha nota de Joaquim de Araújo que antecede a unha carta inédita de Antero a Eduardo Coimbra.

Estes bellos versos não eran destinados á imprensa, e apareceram publicados em uma revista de Lisboa, sem consentimento do autor ou da familia da menina cuja morte celebran. Anthero recusara-se a imprimil-os, como se vê da seguinte carta que apareceu

entre os papeis de Eduardo Coimbra e que a mãe do malogrado moço, a sr<sup>a</sup>. D. Anna Coimbra, nos offereceu com varios outros documentos:

“Villa do Conde, Sabbado”.

*Meu joven poeta*

*São reservados, e pertencem ao nosso Joaquim os versos a que allude. E' claro que sem licença delle não devem imprimir-se. Deixe-os no tumulo da desditosa criança, que lá fallam melhor aos que a estremeceram. Se porém combinarem trasladal-os para qualquer publicação, addicione o meu amigo ao nome da pobre Zara o do desolado irmão. Para elle foram feitos, a elle serão dedicados.*

*E nada mais por hoje, meu amado poeta.*

*Seu do C.*

*Anthero de Q.”*

Estes textos infórmannos de que algunha revista lisboeta, sen a debida autorización, publicara o commovedor epitafio. Por certo, na edición de *Cadencias vagas*, seguindo a indicación de Antero, o propio editor estampa o seu nome (“a Joaquim de Araújo”) despois de “Zara”, o título. Debe de ser un “lapsus” a data do poema: 1881.

## 6. A “edição polyglota” de 1894, un acontecemento literario.

En efecto, neste ano, Joaquim de Araújo publica o epitafio solicitado a Antero nun volume do que consignamos os datos da cuberta e da portada:

Anthero de Quental  
ZARA  
Edição Polyglota  
Lisboa  
Imprensa Nacional  
1894

(polo colofón sabemos que se “Acabou de imprimir em 30 de agosto de 1894”).

Nunha das páxinas preliminares, a VII, titulada “Táboa dos idíomas”, o editor consigna corenta e oito, entre eles, o latín, o italiano, o siciliano, o calabrés, o bearnés, o provenzal, o catalán, o mallorquino, o castelán, o asturiano, o mirandés, o polaco, o ruso, o eslovaco, o grego, o albanés, o inglés, o noruegués, o alemán, o bretón, o irlandés, o hebreo, o finés, o húngaro, o éuscaro e o galego (a tradución de Curros Enríquez). O número de versións é bastante maior, setenta e seis, pois hai sete en italiano, nove en francés, cinco en castelán, dúas en sueco, dúas en xenovés... Tradutores son sesenta e seis (catro anónimos), aínda que algúns fai máis dunha versión.

Os lectores de 1894, dentro e fóra de Portugal, asistían a un feito editorial do que só algúns moi eruditos tiñan noticia. Eu mesmo estudei a presenza do idioma galego en colectáneas, dalgún xeito, semellantes á lisboeta de 1894. A primeira, na miña relación, titulábase *Saggio pratico delle lingue con prolegomeni, e una raccolta di orazioni dominicali in piu di trecento lingue e dialetti...* (Cesena, 1787),

“raccolta” recolleita por aquel asombroso lingüista español que se chamou Lorenzo Hervás y Panduro (1835-1809)<sup>17</sup>. Nela inclúe dúas versións galegas da oración dominical proporcionadas por “amici nasionali”. Esta obra, tan pródiga en versións do “Pater noster” en tantas e tan distintas linguas, o que perseguía era ofrecer ós filólogos interesados no comparatismo lingüístico un texto moi coñecido (e breve) nun número elevado de modalidades idiomáticas. Por iso se titula *Saggio pratico...*

Coa mesma finalidade filolóxica, co mesmo criterio, compilou Magín Pers y Ramona, en 1857, a parábola do fillo pródigo nunha chea de falas hispánicas: catalán, mallorquino, maonés, castelán, bable, galego, andaluz...<sup>18</sup>

Razóns distintas moveron, en 1888-1889, ós responsables da edición políglota de *Lo Gayter del Llobregat*, de Joaquim Rubio i Ors, tres volumes nos que non poucos dos poemas da obra aparecen en castelán, alemán, provenzal, francés, siciliano, bable, galego... Está claro que os editores están interesados en que lectores de moi distintos espazos idiomáticos coñezan os principais poemas dunha obra que foi un dos alicerces da Renaixença catalá<sup>19</sup>.

---

17. “O idioma galego en edicións polilingües, quer como lingua orixe, quer como lingua termo (1787-1995)”, *Viceversa*, Universidade de Vigo, 2, 1996, pp. 13-14.

18. No apéndice da súa *Historia de la lengua y de la literatura catalana* (Barcelona). V. op. cit., p. 14.

19. Op. cit., p. 18.

A edición políglota de “Zara”, en 1894, está moi lonxe das dúas primeiras que citei; parécese –só se parece á terceira, á do poeta catalán Rubió i Ors.

A edición políglota de “Zara” foi un empeño de Joaquim de Araújo, o desconsolado irmán, obstinado, quince anos despois do falecemento de Zara Margarida, en manter vivo o facho da memoria da infortunada mociña. Pero, aínda máis ca isto, é unha homenaxe ó autor do epitafio, a Antero, a quen veneraba. No prefacio da edición políglota de “estes maravilhosos versos, que tão inmortalmemente assignabam a passagem de uma doce criança”, Joaquim de Araújo revélanos:

Anthero de Quental ao aceitar o encargo de fundir a inscripción tumular de Zara, fazia me sentir que tal incumbencia era, nos seus olhos, não favor prestado, mas obsequio recebido...

Contraida ficou, desde esse momento, uma grande dívida, que este Livro procura solver, dalguma forma, na mais formosa Anthologia de versões que uma poesia portuguesa tem conquistado (p. XV).

Está ben claro: Joaquim de Araújo está a tributar unha homenaxe, tamén, ó autor do epitafio. O seu prefacio, asinado en decembro de 1893, é posterior en meses a unha colectánea non moi desemellante: a edición políglota do poema “A Barbara escrava” de Camões. Este precedente non invalida a afirmación do prólogo: “...a

mais formosa anthologia de versões que uma poesia portuguesa tem conquistado”<sup>20</sup>.

## 7. Mais sobre a colectánea de 1894: dos “dialectos”, dos eximios colaboradores, dos tradutores, outras edicións...

A “edição polyglota” foi coidada con amor pero tamén con rigor, co rigor filolóxico esixible a quen sente fondo respecto polos textos. En cada páxina consta o nome da lingua, do seu tradutor e da súa residencia habitual, non sempre no país “titular” desa lingua. Como o volume acolle versións en linguas non oficiais, en “dialectos”, nunca se confunde o italiano co boloñés ou o francés co provenzal, ou co bearnés, nin o mirandés co portugués; en canto á poliglotía hispánica, ofrécesenos tradución ó catalán pero tamén ó mallorquino.

Cómpre saber que na preparación da edición, Joaquim de Araújo contou con colaboradores ou asesores que, daquela, pertencían ó firmamento da Filoloxía portuguesa. Na páxina V indícasenos que foron “coordenadores” da publicación dous eminentes lingüistas, Adolfo Coelho e Gonçalves Viana, e “revisores”, entre outros, o propio Gonçalves Viana, a gran Carolina Michaelis de Vasconcelos e Xavier da Cunha, que meses antes editara unha colectánea máis ou menos afín. Entre os “colectores” figura o lusitanista francés Jules Cornu e un español, o historiador Rafael Altamira

---

20. Esta colectánea, porén, é moito más rica en modalidades lingüísticas de non poucos “dialectos”.

(1866-1951), daquela moi novo. Quizais foi este o que suxeriu os nomes da familia lingüística hispana: Teodoro Llorente para o baible, Francesc Matheu para o catalán, Miquel dels Sants Oliver para o mallorquino (non o era, pero estudara o bacharelato en Palma).

Sorprenderá a algúns o número, certamente elevado, de dialectos italianos, nove entre eles o xenovés, do que o volume recolle dúas traducións. A clave está no feito de que Joaquin de Araújo foi cónsul de Portugal en Xénova varios anos, circunstancia que propiciou o seu contacto directo ou indirecto con poetas e eruditos coñecedores deses dialectos, algúns, áinda hoxe, de moita personalidade.

Ó final do volume a “Bibliographia”, en dúas páxinas, dános noticia da aparición dalgunhas versións (alemá, francesa, italiana...) en 1892 e 1893. Dous tradutores casteláns tiñan, daquela, notable predicamento como poetas: o valisoletano Gaspar Núñez de Arce e o peruano Ricardo Palma. Impонse, neste apartado, falar áinda que sexa dun xeito esquemático, da fortuna da colectánea.

A. Da edición políglota de 1894 fixose unha “tiragem” de:

20 exemplares em papel de Japão (1 a 20)

30 exemplares em papel Whatman (21 a 40)

60 exemplares em papel de liño azul (41 a 100)

80 exemplares em papel de liño branco (101 a 180)

100 exemplares em papel de liño fino (181 a 280)

En nota aclárase que se trataba dunha edición non venal.

B. *Zara* / 2<sup>a</sup> edición polyglota, 1925.

É facsimilar da primeira e fixose na mesma imprenta.

Consta de 500 exemplares, nesta ocasión todos en papel de liño fino (Non se indica se esta edición foi ou non venal.  
Supoñemos que si)

C. Nos repertorios bibliográficos aparece como terceira edición a incorporada a Obras de A. de Q., Lisboa, Propriedade e edición de Couto Martins, 1943, que non consultei<sup>21</sup>

## 8. Sobre a tradución galega de Curros.

Reproduzo o texto portugués e o galego de “Zara” tal como figuran na colectánea de 1894.

### ZARA

<i>Feliz de quem passou, por entre a magoa E as paixões da existencia tumultuosa, Inconsciente como passa a rosa, E leve como a sombra sobre a agua.</i>	Ditoso quen pasou por entr'a magoa I-as pasions d'a existenza tormentosa, Deporcatado, como pasa a rosa E leve como a sombra sobr'a agoa.
--	--

<i>Era-te a vida um sonho: indefinido E tenue, mas suave, e transparente. Acordaste... sorriste... e vagamente Continuaste o sonho interrompido.</i>	Era tua vida un sono indefinido E tenue, pero doce e transparente, Acordache... sorriche... e vagamente O sono continuache interrumpido.
--	---

21. Algún bibliógrafo cita unha edición de 1895, impresa na Tipografía do “Instituto Sordo-Muti” de Xénova da que só se publicaron quince exemplares (Teño o compromiso de procurala e tela en conta na segunda edición do presente traballo).

É de rigor partir, para calquera análise, destas versións de cada un dos textos. Aclaremos que o texto portugués reproduce totalmente o manuscrito do 16 de xaneiro de 1880; en canto á tradución galega, Curros omite os dous puntos do verso quinto, que non carecen de sentido poético. Aclaremos tamén que no manuscrito autógrafo do poeta galego omítense, como no texto impreso, os dous puntos. O lector curioso pode ver o facsímile do manuscrito nun artigo, xa citado, da profesora Pilar Vázquez Cuesta<sup>22</sup>.

Como foi esta lusitanista quen exhumou a versión galega de “Zara” en 1968, é de xustiza ofrecer o seu xuízo sobre a tradución de Curros Enríquez:

... Curros recrea tan amorosamente en gallego el poemita anterioriano que, en nuestra modesta opinión, consigue incluso superarlo, a diferencia de lo que les ocurre a otros traductores, poetas de fama como Nuñez de Arce, que no logran mantener en sus versiones la leve, diáfana y casi inaprehensible belleza del original portugués<sup>23</sup>

Ten razón a profesora cando lle reprocha a Nuñez de Arce que ignore o significado do verbo “acordar” –decisivo, no poema, penso eu, que entende ó pé da letra, sen decatarse da verdadeira acepción (‘despertar’); ten menos razón, moita menos, cando afirma

---

22. *Grial*, 20, 1968, p. 155. Lemos no pé: “Autógrafo de C. E. que se encuentra en el Espólio Araújo de la Biblioteca Marciana de Venecia”.

23. Op. cit., p. 153.

que a versión galega supera, en entidade poética, o texto orixinal. En realidade, na tradución de Curros hai nun texto tan breve varios notorios desacertos, algúns sinalados polo gran filólogo portugués Manuel Rodrígues Lapa nun artigo de 1978<sup>24</sup>. Son tantos os reparos –nun texto de oito versos–, algúns moi graves, que a crítica do filólogo portugués resulta demoledora. Como mostra, reproduzo dous, moi significativos:

*Deporcatado*. É este dum dos mais graves defeitos do exercicio literárioem questão, porque se trata, ou é possível que se trate simplesmente de um erro linguístico. *De-procatar-se ou deporcatar-se* significa: “dar-se conta, tomar conhecimento, acautelar-se”. Logo, *deporcatado* seria o antónimo do original português. Os dicionários correntes, excepto o de Carré, fazem sobre isso uma grande embrulhada; *desprocatado* seria a forma correcta, correspondente à portuguesa *desprecatado* = “incauto, desprevenido”. Teño à mão a forma galega *inconsciente*, que não equivale, em termos de eufonia, à portuguesa inconsciente, Curros preferiu um vocábulo fortemente dialectal e até de mau gosto, por conter em si todos os elementos da palavra porca, que possivelmente sugere.

[...]

*Era tua vida*, muito prosaico, não traduz, longe disso, o sentido mais abstracto e indefinido de *Era-te a vida* (= para ti

---

24. “Sobre a lira lusitana de C. E.”, Grial, 60, 1978, pp. 165-169. O artigo tamén se recolle no volume do autor *Estudos galego-portugueses. Por uma Galiza renovada*, Lisboa, Sá da Costa Editora, 1979, pp. 103-110.

a vida era como que um sonho breve e delicioso), que tem ainda a vantagem de um jogo mais brando de vogais: *te a oposto a tua*.

Como é que aparece sono em vez de sonho no texto de Curros? Tratar-se-á de um lapso, à semelhança do que sucedia como o sueño castelhano, que tem ou pode ter dois sentidos, o acto de dormir ou as visões que surgem durante o sono? O artigo que Eládio consagrhou ou vocábulo não abona esta hipótese, pelo que devemos considerar o emprego de *sono* como um erro de Curros, talvez resultante da própria confusão que se fazia em castelhano.

En efecto, “inconsciente” en portugués (e en galego!) é quen non é consciente de algo, quen non se decata dunha cousa (os escritores galegos, desde hai tempo, empregan “decatarse” e non “deporcataarse”, “deprocataarse”..., existentes nalgúnsas áreas lingüísticas). Está claro que Curros quixo evitar o termo culto “inconsciente” no seu afán de ofrecer un texto moi enxebre, de fasquía moi dialectal, sen reparar, mesmo, no “mau gosto”, como sinala o profesor Lapa. Como esta forma verbal (“deporcatado”) terxiversa o sentido do epitafio, quero pensar que funcionou en Curros un mecanismo lingüístico erróneo. Quizais pensou que “porcatarse” era como o castelán “percataarse” e que, se a ese verbo, se lle antepón “de”, que, ás veces, funciona como prefixo negativo, “deporcatado” sería o que non se dá conta, o que non se decata (O verbo “procatar” consignao Juan Cuveiro Piñol no seu Diccionario, que Curros, sen dúbida, coñecía).

En canto á tradución de “sonho”, Curros tropezou na mesma pedra na que, aínda despois de 1950, tropezaron Celso Emilio Ferreiro (*O sono sulagado*) e Manuel María (*Os sonos na gaiola*), libros titulados correctamente na segunda edición despois dunha advertencia amiga. Curros, como estes poetas do século XX, estaba alleo á dualidade “sono” (de “somnus” ‘acto de dormir’) e “soño” (de “somnium” ‘ensoñación’), tan forte era a presión do castelán “sueño”. Pero no Dicionario de Marcial Valladares, de 1884, non se ignora esta dualidade.

Nun artigo meu de 1992 fun moi crítico coas gabanzas de Pilar Vázquez Cuesta e admitín, como lexítimos, os principais reproches de Rodrígues Lapa, sen adherirme á conclusión que o ilustre filólogo perseguía: que o galego xa non é apto para a expresión cultural moderna<sup>25</sup> (Que Curros non acertase –e desacertou moito non cuestiona as posibilidades da lingua galega noutras mans).

### III

#### Antero en Galicia de 1933 a hoxe

En 1933 publica a Universidade de Santiago unha importante antoloxía do gran poeta portugués: *Sonetos escogidos*. Responsable da escolla e do prólogo foi A. S., un enigma para non poucos

---

25. “Antero de Quental traducido polo poeta galego Manuel Curros Enríquez”, *Revista de Guimarães*, 102, 1992, p. 316. Aspectos do tema foron tratados en 1987 pola gran especialista en Antero Ana María Almeida Martíns: “Curros, tradutor de A. de Q.”, *A Nosa Terra. Curros Enríquez. Crebar as liras*, nº 9 da serie *A nosa cultura*, Vigo, pp. 72-73.

estudosos. Trátase do pensador portugués Antonio Sergio (1883-1969), cidadán moi pouco grato á ditadura de Oliveira Salazar, que o encarcerou varias veces.

En 1933 residía en Compostela e realizaba actividades no Instituto de Estudios Portugueses, o centro universitario que editou a antoloxía de sonetos. Cónstamos que houbo lectores que, despois de consultada, nunca esqueceron a Antero de Quental. A Compostela de 1933 era, para o intelixente antólogo portugués, a Compostela dos tempos da II República española nunha cidade universitaria que tiña como Reitor o espírito aberto do célebre profesor de medicina Alejandro Rodríguez Cadarso. Nese clima, Antonio Sergio redacta o magnífico prólogo dos *Sonetos escogidos* que finaliza con estas palabras:

Los escritores que hoy en Portugal procuran mantener el amor del espíritu crítico, del universalismo, del idealismo filosófico y social, ven en Antero el autor de su país con quien tienen más afinidades de pensamiento y aspiración... (p. 8).

A Antoloxía de A. S. suscitou unha interesante reseña de R(icardo) C(arballo) C(alero), que sería, na Posguerra, un lúcido historiador da literatura galega. Carballo Calero (1910-1990), que considera a Antero “o triste filósofo e acedo poeta”, afirma, que “Esta edición compostelá dos sonetos ven a encher, modestamente, un oco, pois en Galicia apenas se coñece a Antero de Quental”, afirmación só en parte certa. Nesa altura, dous excelentes sonetistas, Noriega Varela e Aquilino Iglesia Alvariño, non estaban alleos á forma dos

sonetos de Antero e, no caso, de Aquilino, existen páxinas súas non alleas ó espírito anteriano.

En calquera caso, a recensión de Carballo Calero, daquela un mozo de vinte e tres anos, fai unha intelixente caracterización da sone-tística de Antero.

Na reseña, Carballo refire que na tribuna do Instituto de Estudios Portugueses disertaron tres coñecidos profesores portugueses no bienio 1932-1933: Hermani Cidade, Joaquim de Carvalho e Fidelino de Figueiredo. Nas disertacións os tres “falaron do grande poeta”. A recensión de Carballo publicouse na importantísima revista *Nós*<sup>26</sup>. Estraña que crítico de ánimo tan pescudador non mencionase o nome do antólogo nin reparase na sigla A. S. Sobre a presenza de António Sergio na Compostela da República hai caudalosa e interesante información no libro de Antón Capelán Rey *Contra a Casa da Troia*, (no capítulo “A. S. no Instituto de Estudios portugueses da Universidade de Santiago”) <sup>27</sup>.

Despois de 1968 a revista viguesa *Grial*, órgano central da cultura galega, dedicou unha notable atención a Antero, nomeadamente ó Antero na súa relación con Galicia e as Letras Galegas. No presente estudo cítanse dous de Pilar Vázquez e un de Rodrígues Lapa. Hai outros (Amado Ricón, M<sup>a</sup> Teresa Leal). Nos últimos anos, en *Grial* e noutras publicacións, cómpre salientar os artigos,

---

26. N<sup>º</sup> 111, 15-3-1933, pp. 55-56.

27. Santiago, Edicións Laiovento, 1994.

tan exhaustivos, do profesor Xosé Manuel Dasilva. No meu estudo da Revista de Guimarães (1992) dou noticia dunha tese de doutoramento: a do poeta galego Dictinio del Castillo Elejabeytia sobre *El pensamiento filosófico y poético de A. de Q. Dirixida* na Universidad Central (Madrid, 1952) polo profesor Santiago Montero Díaz, áinda está inédita.

Non citei naquela ocasión un fermoso artigo do poeta Celso Emilio Ferreiro, “La noche en la poesía de Antero de Quental”, publicado na revista pontevedresa *Sonata Gallega* en 1948 (no nº 10). Eran ruíns tempos para a lírica, para falar desta concreta poesía lírica. Áinda así, este artigo non desmerece á beira dos que en territorios menos censuriosos publicaban os mellores lectores de Antero.





# TEÓFILO BRAGA E AS LETRAS GALEGAS

BEATRIZ GARCÍA TURNES  
(PROFESORA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS)





## TEÓFILO BRAGA E AS LETRAS GALEGAS

Beatrix García Turnes

Teófilo Braga (Ponta Delgada, 1843 – Lisboa, 1924) é un dos intelectuais portugueses que se relacionou de maneira máis estreita con Galicia e coa *intelligentsia* rexionalista que guiou o rexurdimento da súa lingua e cultura propias no derradeiro cuarto do século XIX e os inicios do século XX.

T. Braga intercambiou correspondencia con personalidades como o poeta Eduardo Pondal, o historiador Manuel Murguía -a quen mesmo lle enviou un exemplar da súa edición do *Cancioneiro da Vaticana*, por quen declarou a súa admiración e de quen tomou datos sobre historia de Galicia que inseriu en varias das súas obras- e, sobre todo, co editor, arquiveiro e tamén filólogo Andrés Martínez Salazar. Adheriuse a homenaxes que se lle renderon a intelectuais galegos como os dous últimos nomeados ou o músico Valera Silvari, pero tamén recibiu o recoñecemento e a admiración dos do norte do río Miño, nomeadamente do poeta Manuel Curros Enríquez, quen, en Lisboa, tivera o pracer de escoitar algunhas das súas leccións no Curso Superior de Letras e quen en 1908 participou nun volume conmemorativo “das Bodas de Ouro (1858-1908) de Teófilo Braga na Litteratura portugueza” (Braga, 1908: 1). Segundo información de Pilar Vázquez Cuesta (1975), o autor luso correspondíalle ao galego lendo os seus poemas.

Non é, pois, estranho, que esta relación de admiración mutua -a miúdo alimentada polas afinidades ideolóxicas e o prestixio cultural de T. Braga- levase os galegos a convidaren o futuro presidente da República Portuguesa a formar parte, en calidade de membro correspondente, da Real Academia Galega cando esta foi creada en 1906 para fomentar a cultura e a literatura de Galicia e, sobre todo, para estudar e codificar a súa lingua. A canda el, entraron naquela primeira Academia Galega Carolina Michaelis de Vasconcelos, Alberto Bessa, Eugenio de Castro e José Leite de Vasconcelos (s.a., 1906).

### **A lírica medieval**

Non se pense que este contacto entre Teófilo Braga e os intelectuais galeguistas se movía únicamente no terreo da admiración persoal ou no do recoñecemento simbólico dos nomeamentos e das homenaxes (moi do gusto, por outra banda, da burguesía decimonónica). As súas repercusións para a cultura galega foron ben relevantes e frutíferas, pois a T. Braga lle debemos en boa medida a difusión da lírica galego-portuguesa medieval en Galicia no século XIX.

Tal e como mostrou T. López (1991) coa publicación do epistolario de Antonio María de la Iglesia e Teófilo Braga (do que pode verse unha mostra no anexo I), foi este quen lle facilitou ao autor compostelán o acceso ás cantigas medievais de que presentaría unha escolma no seu libro *El idioma gallego: su antigüedad y vida*

(1886). A través desta obra, a poesía trobadoresca deixaría de ser unha referencia indirecta construída a partir de noticias chegadas de fóra. Os tomos II e III de *El idioma gallego* permitirían por primeira vez o acceso directo do público lector de Galicia a un amplio número de textos.

As repercuśóns que o descubrimento deste tesouro medieval tiveron no prestixio da literatura e da lingua galegas ao norte do río Miño foron certamente importantes. Que mellor agasallo para unhas persoas que se esforzaban por demostrar que o galego era ou podía ser un idioma de cultura, que se cultivase por escrito e que expresase as sutilezas da poesía, que a magnífica literatura trobadoresca que Galicia e Portugal compartían. E máis no século XIX, en que os estudos lingüísticos e literarios tiñan unha orientación marcadamente histórica e en que os diferentes países da Romania porfiaban en demostrar que os seus idiomas propios foran os más antigos en crearse e primeiros en escribirse con independencia do latín, o que se presentaría como mostra inequívoca do xenio creador e da individualidade nacional de cada un dos territorios en que se falaban.

A correspondencia con Antonio María de la Iglesia facilitaríalle a Teófilo Braga o acceso a textos galegos contemporáneos, pois valeríalle para coñecer -ademas dos escritos recollidos en *El idioma gallego*- a colección Biblioteca Gallega posta en marcha por Andrés Martínez Salazar, así como para estreitar, a partir de aí, a relación con este.

A Biblioteca Gallega é probablemente a iniciativa editorial máis importante do Rexurdimento galego e nela publicaríanse dende a medieval *Crónica troiana* ata poemarios dalgúns dos autores más relevantes da lírica galega decimonónica, como Curros Enríquez (*Aires da miña terra*) e Eduardo Pondal (*Queixumes dos pinos*), ade-mais, xaora, de *El idioma gallego: su antigüedad y vida*.

Se relevante é a presenza de Teófilo Braga en Galicia, tampouco Galicia non deixa de estar presente na producción do autor azoriano. Son múltiples as referencias á súa lingua e literatura ao longo da obra de T. Braga, sobre todo cando se ocupa do xurdimento e evolución da poesía medieval, en que se lle reconece un papel, máis ou menos relevante en función das publicacións, ao idioma e ao xenio galegos. Con todo, son dous traballos centrados na poesía culta e popular modernas onde a atención aos veciños do norte se fai máis demorada. Refírome ao *Parnaso português moderno* (1877) e ao extenso prólogo ao *Cancionero popular gallego* de J. Pérez Ballesteros (Braga, 1885), titulado “Sobre á poesía popular da Galliza”.

### **Parnaso português moderno**

O *Parnaso português moderno* é unha escolma poética realizada e prologada por T. Braga en 1877 que inclúe unha sección dedicada aos líricos portugueses, outra aos brasileiros e unha terceira enteiramente dedicada aos autores galegos. Tal escolma ten un importante antecedente nos apéndices ao libro *Trovas e cantares*

*de um codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, “O livro das cantigas” do Conde de Barcelos* (1849), que vén sendo a primeira edición crítica do *Cancioneiro da Ajuda*.

O diplomático brasileiro Francisco Adolfo Varnhagen, autor do volume, decidira incluír unha pequena mostra de poesía galega contemporánea ao final da súa edición do cancioneiro, para o que elixira 10 coplas do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* do Padre Sarmiento e o poema elexíaco “O desconsolo” do poeta do prerrexurdimento Alberto Camino. “O desconsolo” é o primeiro texto en galego deste autor, no seu día moi famoso dentro e fóra de Galicia: mereceu ser publicado en case todos os xornais galeguistas contemporáneos e tamén nalgúns de Madrid. Por iso fixo posible, segundo Manuel Murguía , que os que non coñecían o galego quedasen sorprendidos da dozura de que era capaz aquela lingua tan ridiculizada como ignorada (en Dobarro Paz, 1980: 504).

A este breve apéndice virase sumar en 1850 outra exigua escolma literaria, xa non só de poesía, publicada nun caderno solto coas notas ao cancioneiro editado un ano antes. Na “Advertencia final” que pecha o volume das *Trovas e cantares de um codice do XIV seculo*, F. A. Varnhagen comunicáralles aos seus lectores que o cancioneiro por el editado aparecía sen notas porque decidira dalas a lume máis adiante xunto con outras resultantes de “informações que vamos pedir” (s.a., 1849: 336). Esas notas formarían un caderno á parte que se lles distribuiría a principios do ano 1850 a todos aqueles lectores que, ao compraren o volume en 1849, indi-

casen o seu interese por recibilo. A canda elas, recolleríanse nun apéndice os seguintes textos en galego moderno: un vilancete de Nadal; un fragmento d'*'Os rogos d'un gallego establecido en Londres* (1812), opúsculo contra a Inquisición do liberal Manuel Pardo de Andrade, e mais a obra de teatro de Antonio Benito Fandiño *A casamenteira. Sainete en gallego para cuatro personas*, publicada en 1849, pero escrita polo autor estando no cárcere en Santiago en 1812 por mor das súas ideas liberais.

As mostras incluídas por F. A. Varnhagen nas súas *Trovas e cantares...* puideron inspirar a Teófilo Braga, quen, con seguridade, as coñeceu. En todo caso, a antoloxía galega que Braga incluíu no *Parnaso português moderno* tivo unha entidade e unha difusión moito maior, así como unha orientación máis literaria, pois as escollas do diplomático brasileiro estaban destinadas a mostrar o parecido entre as linguas galega e portuguesa e non se centraban, polo tanto, en amosar o valor da literatura galega e en galego. Se a isto lle unimos o feito de que as *Trovas e cantares...* se publicaron en Madrid, onde daquela residía Varnhagen, podemos considerar a do *Parnaso* a primeira antoloxía de poesía galega moderna propriamente dita que veu a lume en Portugal.

Non se fixo a antoloxía sen dificultade. Parece evidente, repasan-do as escollas feitas polo antólogo, que este tivo algúns problemas para acceder aos textos galegos e explotou repetidamente as súas escasas fontes. Teófilo Braga incluíu na sección “Os lyricos galle-gos” 18 textos clasificados como cantos populares, entre eles o vi-

lancete de Nadal recollido no seu día por F. A. Varnhagen e algúns dos textos que Rosalía de Castro incorporara e recreara en 1863 no libro que marca o inicio do Rexurdimento pleno da lingua e da literatura galegas: os seus *Cantares gallegos*.

A estes poemas anónimos súmalles T. Braga outros 11 textos de autor. Catro deles son, como non, de Rosalía de Castro. Pertencen tamén a *Cantares gallegos*, pois á altura de 1877 a autora compostelá só tiña este libro publicado na lingua de Galicia. Incorpórarse así mesmo á antoloxía “O desconsolo”, de Alberto Camino, texto de que xa se falou, con indicación de ser tomado das *Trovas e cantares* de Varnhagen. Ségueno 5 poesías das *Espiñas, follas e frores* de Valentín Lamas Carvajal e, curiosamente, un “Preludio” de Ruíz Aguilera -poeta salmantino a quen Rosalía de Castro lle dedicara o poema “A gaita gallega” dos seus *Cantares*- que leva a nota de ser tradución do castelán.

En efecto, “Preludio” está composto de poemas independentes imitativos das temáticas e estilos da lírica tradicional e inicialmente escritos en castelán e publicados en diversos xornais. Mais, tal e como indica o propio Ruíz Aguilera no prólogo ás súas *Armonías y cantares* (1865), estes textos foron traducidos por Rosalía de Castro e posteriormente recollidos en versión galega no dito libro xunto cos orixinais casteláns e mais con outras traducións de poemas diversos incluídos nese mesmo volume. Son traducións ao alemán, ao italiano, ao catalán e ao portugués, esta última debida ao militar Claudio de Chaby.

A inclusión dos textos galegos na antoloxía do *Parnaso* supuxo un recoñecemento á poesía de Galicia en Portugal que seguramente resultou tan satisfactorio para os rexionalistas galegos como alarmando para partidarios do centralismo, convencidos da superioridade do castelán sobre o resto dos idiomas da península Ibérica ou simplemente preocupados polo ascenso dos movementos rexionalistas e as posibles repercuśóns políticas do renacer cultural que preconizaban.

Temos boa mostra disto na alarma que provocou no político andaluz Emilio Castelar, quen lle deu a réplica a Teófilo Braga nada menos que dende o prólogo que escribiu para *Follas novas*, o segundo libro de poemas en galego de Rosalía, a autora mellor representada na sección galega do *Parnaso* (Castelar, 1880). O republicano moderado E. Castelar mostrábase prevenido fronte aos rexionalismos, especialmente tras a amarga experiencia das insurreccións cantonalista, carlista e cubana que intentara atallar sendo presidente do goberno español durante o sexenio revolucionario. Como consecuencia, non vía con bos ollos certas correntes de simpatía entre galegos e portugueses, nas que percibía a ameaza do separatismo de Galicia paralela á súa integración en Portugal.

*No olvidemos que hace poco un escritor insigne del vecino reino trazaba una especie de nacionalidad literaria compuesta por portugueses, brasileños y gallegos. Estas cosas podian pasar por juegos de la imaginacion cuando no habian transcurrido horribles crisis, y no se habian visto ciertas tendencias que podrian*

*reaparecer mañana, ora bajo la bandera del absolutismo, ora bajo la bandera de la demagogia que tantos desastres han derramado en nuestros territorios y tantas amarguras en nuestros corazones. Para matar el provincialismo exagerado no hay medio como satisfacer las justas exigencias provinciales.*

(Castelar, 1880: XXI-XXII)

Probablemente contribuíron á alarma de Emilio Castelar afirmacóns do propio Teófilo Braga no prólogo ao Parnaso como as seguintes:

*Entre os diferentes dialectos romanicos da peninsula nenhum recebeu mais prematuramente a forma escripta do que o gallego, pelo qual se introduziu a poesia provençal nas cõrtes de Portugal e de Hespanha; por circumsatancias politicas nenhum perdeu tão cedo a vida litteraria, ficando apenas fallado por um povo desde muito tempo annullado pela absorpção castelhana. Ao formarem-se as primeiras litteraturas da peninsula, o gallego foi a linguagem em que se poetava na côrte de Castella, como se vê pelas Cantigas de Affonso o Sabio, e na côrte de Portugal, como está bem patente nas mil duzentas e cinco canções do Cancioneiro da Vaticana, e nos centenares de canções da collecção da Ajuda; por esse dialecto hoje desprezado, admittido apenas para uso das relaçoes intimas das necessidades infantis, é que se podem explicar certas formas litterarias, como as Serranilhas, e certos phenomenos linguisticos do portuguez e castelhano como o che por te e por*

*pl. Effectivamente, a Galliza deve ser considerada como um fragmento de Portugal, que ficou fóra do progresso de nacionalidade.*

(Braga, 1877: XXXV-XXXVI)

*Pelo estudo da poesia gallega, é que se podem compreheder as formas do lyrismo portuguez; e a desmembração d'esse território, que ethnicamente nos pertence e tem permanecido para nós estranho durante tantos seculos, é que prova a falta absoluta de plano na nossa vida politica.*

(Braga, 1877: XXXVIII)

### **Prólogo ao cancioneiro de José Pérez Ballesteros**

Ideas semellantes ás que se acaban de presentar expresaríaas Teófilo Braga áinda con máis claridade no extenso prólogo ao *Cancionero popular gallego* de José Pérez Ballesteros titulado “Sobre a poesía popular da Galliza”.

A maior parte dese estudio inicial dedícao T. Braga a presentar e comentar diferentes tipos de composicións poéticas e musicais tradicionais, como a muiñeira -cuxa presenza na poesía culta medieval se analiza con detemento-, o terceto ou o romance. Mais hai unha primeira parte (vid. Anexo II) que se ofrece como marco interpretativo desa análise posterior e onde asoma con claridade

a visión que o autor tiña de Galicia, da súa lingua e da súa relación con Portugal.

Segundo explica neste prólogo Teófilo Braga, a existencia de poesía medieval en galego e a persistencia de poesía popular nesta mesma lingua ao longo dos séculos e a pesar dos esforzos asimiladores de Castela revelan que en Galicia hai unha nacionalidade diferenciada da castelá e tan próxima á portuguesa que debe pasar a formar parte dela recuperando, deste xeito, a perdida unidade medieval, totalmente natural e acaída ao que os elementos étnicos comúns a ambos os pobos recomandan.

Realmente, ao propugnar o achegamento de Galicia e Portugal, Braga non pretende exactamente preconizar a independencia galega de España. O que está tras as súas afirmacións é a idea da existencia de diversas nacionalidades peninsulares, entre elas a catalá, a castelá e unha nacionalidade portuguesa que incluiría Galicia. Estas nacionalidades, e non unicamente España e Portugal, son as que deberían pactar a confederación peninsular e dese pacto entre iguais viría a recuperación do perdidio esplendor destes pobos de pasado glorioso. Polo tanto, en realidade o recoñecemento da unidade galego-portuguesa é un paso cara á unidade ibérica.

É verdade que T. Braga, líder da corrente republicano-federal, criticara uns anos antes de escribir este prólogo, na súa *História das ideas republicanas em Portugal*, os excesos iberistas e internacionalistas de finais dos anos 60 e principios dos 70 manifestados

por autores como Joaquim Pedro Oliveira Martins, António Enes e, sobre todo, Antero de Quental, quen, baixo o impacto da revolución española de 1868, chegara a afirmar que o verdadeiro patriotismo consistiría en renegar da nacionalidade. Fixérao Teófilo Braga en nome dun nacionalismo cara ao que, segundo P. Vázquez Cuesta (1975), se viraran plenamente os republicanos tras o seu distanciamento dos posicionamentos socialistas. Mais no fondo T. Braga nunca abandonou os seus ideais federalistas e iberistas, que lle parecían compatibles co seu fondo nacionalismo (Catroga, 1993) e que, con más ou menos prudencia en función da conxuntura política, volvería a expresar noutras ocasións, especialmente tras o cambio de século.

Dunha maneira indirecta fixoo no prólogo ao cancionero de J. Pérez Ballesteros e con iso volvreu provocar a polémica e a acender as alarmas. A pesar de que T. Braga incluíu neste texto eloxios á escritora e presidenta da asociación El Folk-Lore Gallego Emilia Pardo Bazán -con quen mantiña amizade e correspondencia-, a galega non dubidou en rexeitar as opinións do portugués dende as páxinas do seu libro *De mi tierra* (1985).

Téñase en conta que a Pardo Bazán nin sequera acababa de ver con bos ollos o avance funcional que co Rexurdimento estaba experimentando a lingua de Galicia, pois ela quería limitar o cultivo do galego á produción de literatura de tipo costumista e folclorizante. De feito, andaba preocupada con ese tema polo menos dende que Rosalía de Castro publicara as súas *Follas novas* en 1880, pois esta

obra superaba os moldes previstos pola condesa ao abordar temas serios e transcendentais a miúdo afastados do costumismo dos *Cantares gallegos*.

Se Teófilo Braga afirmara que a persistencia de dialectos diferentes do idioma de Cervantes no país veciño a Portugal revelaba a supervivencia doutras tantas nacionalidades semiapagadas polo centralismo castelán e en constante loita con el e que só co rexurdimento do espírito popular e local, manifestado nos dialectos e nos costumes e literatura tradicional de cada rexión, podería renacer o conxunto de España, dona Emilia insistiu en desmarcarse deste punto de vista negando a existencia de “nacionalidades peninsulares” e cinguindo a recuperación do folclore tradicional galego a límites moito más estreitos e sen implicacións políticas de ningún tipo.

De resto, a crítica da escritora non parece que influíse moito no literato portugués, que seguiu expresando do mesmo xeito as súas ideas –ás veces, incluso copiando fragmentos do seu propio prólogo de 1885- nas obras que publicou nos anos seguintes:

*Na peninsula hispanica a constituição das novas nacionalidades depois da reconquista christã está intimamente ligada aos seus dialectos; aquelles territorios que alcançaram autonomia ou que a souberam sustentar desenvolveram com a cultura litteraria os seus dialectos locaes. Muitas d'essas nacionalidades, como a Galliza, a Catalunha e Aragão foram incorporadas na unidade*

*politica de Castella, mas o seu espirito autonomista sobreviveu e luctou sempre com a vitalidade dos seus dialectos gallego, catalão, aragonez, contra o uso official do castelhano.*

(Braga, 1896: 149)

Convén aclarar que, áinda que os rexionalistas galegos non protestaron polo prólogo de Braga, nin eles nin os seus continuadores nacionalistas compartiron nunca unha visión iberista que considerase unha nación galego-portuguesa única. Pola contra, tal e como mostrou X. M. Núñez Seixas (1992), o iberismo galeguista era pentanacional e propugnaba a federación de cinco entes diferenciados: Galicia, Portugal, Castela, País Vasco e Cataluña. Quen defendería unha idea máis próxima á de T. Braga sería o catalanismo de principios do século XX, que optou por un iberismo que unise Portugal (nación que incluiría Galicia), Castela e Cataluña. Este catalanismo buscou o establecemento de contactos coa intelectualidade portuguesa co fin de acadar un consenso que conducese á consecución dos obxectivos federalistas na Península.

Teófilo Braga prologou en 1907 o libro *Iberisme* de Ribera i Rovira e o autor catalán -que tamén cita frecuentemente o portugués na obra que leva o significativo título de *Portugal y Galicia nación. Identidad étnica, histórica, literaria, filológica y artística* (Ribera y Rovira, s.d.) [1911]- refírese naquel texto ás “declaracóns de T. Braga a *The Times*, nas que este afirmaba o seu ideal de conquerir

unha «federación ibérica» de catro ou cinco repúblicas, unha das cales sería Portugal con Galicia” (Núñez Seixas, 1992: 70).

En todo caso, moitas das afirmacións de Teófilo Braga no prólogo “Sobre a poesía popular da Galliza” apoian os postulados dos rexionalistas acerca da lingua e da literatura galegas e non podía deixar de encherlos de satisfacción o velos escritos da man dun intelectual tan coñecido e respectado coma o azoriano.

O recoñecemento de Teófilo Braga á literatura en galego -fose esta medieval, tradicional ou culta contemporánea- foi motivo de orgullo e estímulo importantísimo para aqueles rexionalistas que tentaban impulsar, moitas veces fronte ao desprezo e a incomprendición dos que os rodeaban, unha lingua que fora, e estaba chamada a ser outra volta, lingua de cultura.

## Bibliografía

- BRAGA, T. (1877): *Parnaso portuguez moderno*. Lisboa, Francisco Arthur da Silva-Editor.
- BRAGA, T. (1885): “Sobre á poesía popular da Galliza”, en PÉREZ BALLESTEROS, J.: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña*. Tomo I. Madrid, Librería de Fernando Fé: VIII-XLV.
- BRAGA, T. (1896): *Historia da litteratura portugueza. Introduçao. Theoria da Historia da Litteratura portugueza*. Porto, Livraria Chardron.
- BRAGA, T. (1908): *Visão dos tempos*. Porto, Livraria Chardron, de Bello & Irmão, editores.
- CASTELAR, E. (1880): “Prólogo”, en CASTRO de MURGUÍA, R. (1880): *Follas novas*. Madrid/A Habana, La Ilustración Gallega y Asturiana/Propaganda Literaria: VII-XXII.
- CATROGA, F. (1993): “Nacionalistas e iberistas”, en MATTO-SO, J. (dir): *História de Portugal. O liberalismo (1807-1890)*. Vol V. Editorial Estampa, pp. 563-567.
- DOBARRO PAZ, X. M. (1980): *Alberto Camino (1820-1861): poeta galego*. Tese de doutoramento inédita. Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.

- IGLESIA GONZÁLEZ, A. M. de la (1886): *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*. 3 tomos. A Coruña, Latorre y Martínez.
- LÓPEZ, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros gallego-portugueses no século XIX*. Santiago de Compostela, Edicións Laioveneto.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1992): “Portugal e o galeguismo ata 1936. Algunhas consideracións históricas”, en *Grial* 113: 61-77.
- PARDO BAZÁN, E. (1985) [1888]: “El Cancionero Popular Gallego”, en *De mi tierra*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia: 99-120.
- RIBERA y ROVIRA (s.d.) (1911): *Portugal y Galicia nación. Identidad étnica, histórica, literaria, filológica y artística*. Barcelona, R. Torbella, impresor.
- RUÍZ AGUILERA, V. (1865): *Armonías y cantares*. Madrid, Imprenta y Librería de M. Guijarro, Editor.
- S.a. (1906): “Constitución de la Academia”, *Boletín de la Academia Gallega*, Tomo I, nº2, pp. 25-27.
- S.a. (VARNHAGEN, F. A.) (1849): *Trovas e cantares de um codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, “O livro das cantigas” do Conde de Barcelos*. Madrid: Imp. de D. Alejandro Gomes Fuentenebro.

- VARNHAGEN, F. A. (1850): *Post Scriptum. Notas*. [Caderno engadido a alguns exemplares de S.a. (VARNHAGEN, F. A.) (1849): 339-369].
- VÁZQUEZ CUESTA, P. (1975): *A Espanha ante o «Ultimatum»*. Lisboa, Livros Horizonte.

## Anexo I

Carta de resposta a Antonio María de la Iglesia, que lle enviara a Teófilo Braga o segundo tomo de *El idioma gallego: su antigüedad y vida* (López, 1991: 119-120).

*Lisboa, 25 de Junho, de 1886*

*Caro e illustre amigo D. Antonio de la Iglesia*

*Ainda não tinha agradecido, como devera, o presente do seu bello estudo *El idioma gallego*, e já V<sup>a</sup> Ex<sup>a</sup> me vinculava com novas obrigações, remettendo-me tão afectuosamente o segundo volume d'esta importante obra. Eu preciso justificar o meu prolongado silencio, e estou certo de que na boa amisade de V<sup>a</sup> Ex<sup>a</sup> encontrarei desculpas. A doença alarmante da minha filha obrigou-me a sair repentinamente de Lisboa, indo com ella para o campo, afim de resistir a uns ataques de hemoptisis, que m'a iam roubando. N'este estado de espírito largueei todos os trabalhos, chegando a faltar as minhas occupações escolares, e á cortezia devida mesmo ao carinho dos amigos. Recebi com todas as seguranças os volumes da Biblioteca Gallega, e li-os com o maximo interesse. A obra de V<sup>a</sup> Ex<sup>a</sup> atraiu-me singularmente não tanto pela sympathia profunda que ligo a tudo quanto diz respeito á Galliza, como pela forma magistral como o trabalho está lançado. Uma das cousas que sempre lamentava era a falta sensivel de documentos ou textos em lingua gallega para o estudo philologico d'este precioso*

*dialecto romanico peninsular. V<sup>a</sup> Ex<sup>a</sup> offerece-nos uma collecção abundantissima. O segundo volume é verdadeiramente uma revelação para a propria Galliza, apresentando-lhe composições trobadorescas dos seus antigos jograes, que foram pelas cortes peninsulares despertando o genio poetico e ensinando-lhe os segredos da nova poetica provençal. Nos extractos feitos por V<sup>a</sup> Ex<sup>a</sup> do Cancioneiro da Vaticana há uma intelligente escolha fundada na persistencia das formas lyrics tradicionaes que ainda hoje se repetem na Galliza. Para mim este segundo volume do Idioma gallego é de um enorme valor, porque encerra todos os elementos para o estudo científico da lingua gallega, que bem merece ser estudada em uma grammatica historica. Tambem estou com um grandissimo empenho de ver publicada a Historia de la litteratura gallega por D. Augusto Besada. Em tempo tinha organizado um elenco para um trabalho com este titulo, mas a falta de documentos e a difficultade d'este trabalho achar um editor, fez com que levatasse mão d'elle. Hoje folgo que na Galliza houvesse quem reconhecesse a necessidade de uma tal obra. Ha outras obras promettidas para a Biblioteca Gallega que me parecem de uma alta importancia taes como as Obras de João Rodriguez del Padron, e Los trovadores gallegos por D. Manuel Murguia. A proxima publicação das Cantigas de Affonso o Sabio pela Academia de Madrid, vém restituir a civilisação antiga da Galliza um dos seus mais importantes titulos de gloria. Felicitando V<sup>a</sup> Ex<sup>a</sup> pelos seus importantes trabalhos, todos nós lhe reconhecemos quanto o genio nacional e autonomico da Galliza, que estava obliterado, deve ao seu generoso e sympathico impulso de revivescencia.*

*Agradecendo-lhe as benevolas referencias ao meu humilde nome, e o  
affecto com que me distingue enviando-me os seus livros, confesso-me  
por tudo e perpetuamente*

*amigo obrigadissimo e sempre reconhecido admor.*

*Theophilo Braga, rua San Luiz, nº 13*

## **Anexo II**

### *Sobre a poesia popular da Galliza*

#### *I*

*Toda e qualquer sociedade humana, como um perfeito organismo, subsiste pelos elementos staticos da sua conservação, e pelas modificações dynamicas do seu progresso. Entre os elementos staticos distinguem-se como factores da individualidade de um povo, a raça, a lingua, a nacionalidade e a tradição, que é propriamente uma synthese affectiva que subordina de un modo espontaneo todas as actividades ou vontades a um concurso ou consenso que determina a marcha historica. Todos estes factores são entre si tão intimamente solidarios, que estudando um, os outros ou o esclarecem ou são elucidados por elle; ha casos em que a raça não condiz com a lingua, como acontece com as raças italiotas, gaulezas e hispanicas que adoptaram a lingua dos romanos; ou em que a lingua não caracterisa a nacionalidade, como em algumas povoações da Italia e especialmente da Suissa, e em que a tradição de outras edades pela sua persistencia já não condiz com o estado social nem com a indole do povo que a repete. Apesar d'estas alterações, porém, ó facto de se acharem os factores staticos fóra da acção do arbitrio individual, faz com que o typo da raça, a lingua, a tradição e a autonomia nacional sobrevivam mais ou menos completamente sob as revoluções historicas em um dado territorio.*

*No solo da Hespanha existem os relevos orographicos que dividiram naturalmente a peninsula em pequenos estados; o facil acceso d'este*

*territorio fez com que aqui confluissem diferentes raças, que obedeceram a essas condições mesologicas, e no seu separatismo crearam dialectos proprios, elaboraram no automatismo consuetudinario tradições, que foram o elemento de concordia para essas confederações defensivas, primeiros esboços das nacionalidades peninsulares. O empirismo politico pôde desconhecer durante seculos estas condições que actuam constantemente na constituição de um povo; ousou impôr uma unidade material, mais administrativa do que politica, tentou apagar as iniciativas locaes, ou garantias autonomicas, calar os dialectos provinciaes ante uma limgua official, estrangular sob Fernando e Isabel, Carlos V e Philippe II as antigas nacionalidaes, mas o unitarismo e a centralisação nunca puderam extinguir as tradições populares. Fernán Caballero, pelas dansas, pelas cantigas e instrumentos musicaes, pelas praticas da cultura agricola fixa o caracter de cada um d'esses povos que hoje são provincias de Castella. Esse antigo individualismo levanta-se vigoroso ás primeiras investigações da critica, e a associação do Folklore da Andaluzía, ao seu appello á tradição do passado abre o alvéo a uma corrente, que rue e se alastrá pelas regiões que constituem os organismos independentes da nacionalidade hespanhola, a castelhana, a gallega, aragoneza, asturiana, andaluza, extremenha, leoneza, catalana, valenciana, murciana, vasco-navarra, balear, canaria, cubana, porto-riquenha e philippina.*

*Com as tradições, sympathica e religiosamente colligidas, revivem os dialectos, orgão poderoso do espirito local, e com este genio da iniciativa e da independencia, base para um renascimento da Hespanha, que a levará a ocupar o grande logar que lhe compete na Civilisação occidental.*

*O estudo das tradições não representa simplesmente uma phase scientifica, mas tamben é uma crise moral, em que o espirito da associação local, tão admiravelmente estudado e comprehendido por Carey, se apresenta como a fórmula de reconstituição de um povo envolvido na longa decadencia catholico-feudal.*

*Sob este ponto de vista as tradições populares da Galliza são do mais alto interesse; a Galliza é a provincia mais duramente submettida á unidade politica e mais sacrificada pelo centralismo administrativo; ella resiste pela sua tradição lyrica, em que conserva a sua feição ethnica e esse espirito local a que se chama soidade, especie de nostalgia que em Madrid se denomina a morrinha gallega. Em relação á nacionalidade portugueza, a Galliza é um fragmento que ficou fóra da integração politica de um Estado gallecio-portuguez, desmembrado pelo interesse de Affonso VI para fazer o casamento das suas filhas com Raymundo e Henrique de Borgonha. A Galliza seguiu a sorte da unificação asturo-leoneza, perdendo cada vez mais os seus elementos de cultura e de vida nacional; Portugal pela sua autonomia de nação, desenvolveu uma lingua e litteratura, arte, industria e a grande acção que o tornou um dos primeiros povos coloniaes, e o iniciador da atividade pacifica da Europa. Tendo-se estudado as tradições portuguezas nos seus centros provinciales, Beira-Baixa, Algarve e Minho, Alemtejo e Traz-os-Montes, e na suas expansões coloniales dos Açores, Madeira e Brazil, este estudo não seria completo sem o conhecimento das fontes primordiales ou archaicadas conservadas pela Galliza, como fóco da antiga unidade gallecio-portugueza.*

*Sob o ponto de vista mesologico, a Galliza pertence a esse grupo de pequenos estados divididos pela cordilheira dos Pyrenéos que corre de norte a oeste, formando os organismos independentes da Catalunha, Aragão, Navarra, Asturias, Galliza e Vasconia. Pela sua situação aqui resistiram mais puras a raça celtica e as tribus suevicas, e pela sua estabilidade social não perturbada pelas invasões dos Arabes, aqui se elaborou essa tradição lyrica, propagada aos outros paizes da Hespanha, como no seculo XV notára já o Marquez de Santilhana. A Galliza, na reconstituição da sociedade neo-gothica, era o fóco da civilisação peninsular; aqui vinham os reis completar a sua educação, e a lingua gallega era preferida para as composições poeticas das côrtes em que se imitava a poesia trobadoreasca, tão delicada na sua casuistica sentimental. A Galliza perde a sua existencia politica, e por tal facto apaga-se sua cultura, e cae n'essa atonia provincial em que só subsiste aquillo que é de origen statica e inconsciente; a Galliza é incorporada na unidade do reino de Leão por Affonso I, mas sob Fruela, procura reivindicar pela revolta a sua independencia. Envolvida por Affonso III na mesma unidade em que entra o reino de Leão, a Castella velha e Lusitania, essa unidade quebrase pela morte do monarca, vindo á Galliza a caber em herança a Ordonho que a incorpora outra vez ao reino de Leão roubado a seu irmão García. Pela morte de Ordonho, Fruela incorpora a Galliza a Leão no reino das Asturias. Tres vezes sacrificada a sua autonomia nacional, a Galliza não perde o espirito de independencia, e vence em uma lucta separatista sob Ordonho III, Sancho I e Ramiro III á custa de apoio dado aos conflictos dos outros estados entre si. Porém, n'essa forte corrente de unificação politica imposta pela audacia de Fernando o Magno, a Galliza é absorvida como os outros estados de Navarra,*

*Aragão, Castella e Leão, vindo, pela desmembração determinada pelo testamento de Fernando, a Galliza a caber a seu filho Garcia. Esta situação independente foi transitoria, porque Garcia é despossado por seu irmão Affonso VI, que realisa a quarta unificação peninsular, em que separa da Galliza o Condado de Portugal, que depois da sua morte se torna independente. A Galliza nunca mais saiu da sua situação sub-alterna, decahindo sucessivamente; o estado de Portugal estendeu-se ás extremas fronteiras da Galliza ao sul, até ao Mondego, e até Lisboa, alargandose progressivamente até aos Algarves de além-mar em África, explorando o Atlântico e achando o caminho marítimo da Ásia. Apesar d'esta separação política, continuaram as similaridades étnicas galego-portuguesas, que foram persistindo mas desconhecendo-se entre si, a ponto de o nome de gallego se tornar uma injuria pessoal, mesmo para aquelles que, como Sá de Miranda ou Camões, eram oriundos de famílias gallegas.*

*Vé-se portanto, que as tradições populares da Galliza devem explicar muitas particularidades das formas tradicionais portuguesas, e ao mesmo tempo são o último vestígio de um organismo nacional que ficou atrofiado. A Galliza chegou a ter extinto o seu dialecto, falado apenas domesticamente; e pela emigração forcada dos seus naturais, foram as mulheres que conservaram as tradições, causa plausível da preponderância dos cantos líricos sobre os cantos heroicos.*

*O padre Sarmiento, nas suas Memórias para a história da Poesia espanhola, escriptas em 1745, falla em varios logares d'esta obra da poesía tradicional da Galliza, tales como os adagios, as dansas, as*

*Coplas de Perico, o canto de Figueiral e a influencia melica da mulher gallega. Só na segunda metade d'este seculo é que começoü á renascerça da Galliza, cooperando n'este estudo D. Antonio Maria de la Iglesia no jornal La Galicia, D. Manuel Murguia, D. Rosalia de Castro, D. Antonio Saco y Arce, vindo em fevereiro de 1884 á constituir-se a associaçao do Folk-Lore gallego, na Corunha, sob a presidencia de uma extraordinaria e genial escriptora D. Emilia Pardo Bazán, sendo a junta directora composta dos senhores Ramón Pérez Costales, Salvador Golpe, Ramón Segade, Narciso Perez Reoyo, Antonio María de la Iglesia, Juan de la Osa, José Pérez Ballesteros, Candido Salinas, Francisco María de la Iglesia, e Víctor López Seoane.*





